



## ANUNCIO DE LICITACIÓN.

O Concello de Porto do Son convoca licitación pública para adxudicar o contrato "Subministración dun tractor con rozadora lateral hidráulica. Concello de Porto do Son".

### 1.- Poder adxudicador.

- a) Organismo: Concello de Porto do Son.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría do concello.
- c) Obtención de documentación e información: Secretaría do Concello de Porto do Son: R/ Atalaia, s/n – 15970 Porto do Son (A Coruña). Teléfono: 981 86 74 12. Fax: 981 76 73 58. Perfil do contratante <http://www.portodoson.org/>. Data límite de obtención de documentación e información: día anterior ao de remate do prazo de presentación de proposicións.

### 2.- Obxecto do contrato.

- a) Tipo: contrato administrativo de subministración.
- b) Descrición: subministración dun tractor e unha rozadora lateral hidráulica.
- c) División por lotes: non.
- d) Lugar de execución: Porto do Son.
- e) Execución e entrega: 1.- Prazo de execución: 21 días; 2.- Prórroga: non.
- f) CPV: 34100000 – Vehículos de motor.

### 3.- Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación: urgente.
- b) Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios de valoración.
- c) Pregos: pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares aprobados por decreto da Alcaldía 501/2016, do 25 de agosto.
- d) Criterios de adxudicación: 1.- Calidade técnica (20 puntos); 2.- Melloras (10 puntos); 3.- Ampliación do prazo de garantía (10 puntos); 4.- Prezo ofertado polos bens que entrega o concello (5 puntos); 5.- Oferta económica (5 puntos).

### 4.- Orzamento:

- a) Orzamento base de licitación: 96.620,03 euros.
- b) Valor estimado: 79.851,26 euros.
- c) IVE: 16.768,77 euros.

### 5.- Garantías.

- a) provisional: non.
- b) definitiva: 5% do importe de adxudicación excluído o IVE.

### 6.- Requisitos específicos do contratista.

- a) Clasificación: non se esixe.
- b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: apartado 5º do Anexo I do prego de cláusulas administrativas.

### 7.- Presentación de ofertas:

- a) Prazo: 7 días naturais desde o seguinte á publicación deste anuncio no BOP da Coruña.
- b) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son.
- c) Documentación a presentar: cláusula 13ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

**8.- Apertura de proposicións:** día hábil seguinte (agás sábados) ao de remate do prazo de presentación de ofertas.

**9.- Custos de publicidade:** de conta do adxudicatario, ata un máximo de 700,00 euros.

**10.- Revisión de prezos:** non.

Porto do Son, 29 de agosto de 2016.

